

# FICHA 1

NOME: \_\_\_\_\_ DATA: \_\_\_\_\_

## SABER FACER

### Orientarse e calcular distancias cun plano

Os planos e os mapas sempre teñen unha especie de compás que se chama **rosa dos ventos**. Axuda a orientarnos no plano.




#### → Oriéntate no plano.

- 1 No campamento O Piñeiro déronlles este plano e un compás aos participantes dun xogo de orientación. Cópiao no caderno.
- 2 Onde se explica o significado de cada elemento utilizado? Engádelle ao plano os elementos que se indican no lugar correcto.
  - Unha árbore ao oeste da torre.
  - Unha estatua ao sur do lago.
- 3 Traza no plano este percorrido.
  - Da cabana á ponte.
  - Da ponte á torre.
  - Da torre á árbore.
- 4 Agora, escribe no caderno cara a que punto cardinal hai que dirixirse en cada etapa da actividade anterior. Sigue o exemplo.
  - Desde a cabana á ponte: sur.
- 5 Axudácheste do compás ou da rosa dos ventos? Por que?

#### → Calcula distancias co plano.

- 6 Mide cunha regra a distancia entre a torre e as montañas. Como ves, 1 centímetro do plano equivale a 20 metros na realidade. Canta distancia hai entre as montañas e a árbore na realidade?



## FICHA 2

NOME: \_\_\_\_\_ DATA: \_\_\_\_\_

**Responde estas preguntas e obterás as palabras clave do tema.**

1. Como se chama a esfera que reproduce a Terra? \_\_\_\_\_
2. E a representación plana da Terra ou parte dela? \_\_\_\_\_
3. Que ciencia elabora os mapas? \_\_\_\_\_
4. Como se chaman as direccións que usamos para orientarnos? \_\_\_\_\_  
Cantas son e cales son os seus nomes? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
5. De que tres formas podemos orientarnos na natureza? \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_
6. Que aparellos nos axudan a orientarnos? \_\_\_\_\_
7. Que son as grandes masas de auga salgada da Terra? \_\_\_\_\_
8. Que son as extensións de terra que hai no noso planeta? \_\_\_\_\_
9. Fai un debuxo relacionado con algunha destas preguntas e coloréao.

